

---

## Video dixital en SwL: OpenShot

**TEMA-05**

### **Compartindo as nosas videocreacións**



## **Índice**

Tema 5. Compartir as nosas videocreacións.....	2
1. Introdución.....	2
2. Youytube.....	2
2.1. Contidos que podemos atopar en Youtube.....	3
2.2. Compartir vídeos en Youtube.....	3
2.3. Compartir vídeos nas redes sociais.....	4
3. Vimeo.....	5
3.1. Inserir un vídeo de Vimeo na nosa web.....	6
4. Flick.....	7
4.1. Podemos conectar Flickr coas redes sociais?.....	8

## Tema 5. Compartir as nosas videocreacións

### 1. Introdución

Desde hai uns anos tanto a **linguaxe audiovisual** como **internet** teñen unha grande importancia xa que na actualidade case toda a información que recibimos chéganos a través destes medios.

Polo tanto, preséntasenos ao profesorado o reto de achegarnos ás novas tecnoloxías para lograr establecer sinerxias co noso alumnado inserido, cada día máis, no mundo de internet.

Trátase pois, de elaborar estratexias didácticas innovadoras que nos permitan deixar de ter unha actitude pasiva e **producir contidos que se publiquen na web e que se compartan cos rapaces e rapazas.**

### 2. Youytube

Youtube é probablemente o sitio web máis utilizado para subir e **compartir vídeos** xa que permite a súa publicación dun xeito rápido e sinxelo. Foi creado no ano 2005 e adquirido por Google no 2006.

Para servir o seu contido Youtube usa un reprodutor en liña baseado no Adobe Flash aínda que tamén se pode utilizar un reprodutor baseado no estándar **HTML5** soportado polos navegadores web. youtube

Debemos destacar que acepta unha gran variedade de formatos como poden ser .avi, ou .mpeg que son os más usados por cámaras e gravadoras dixitais pero tamén en **.wmv, .mov, .mp4, DivX e FLV.**

Tamén é posible cargar un vídeo directamente desde o teléfono celular a través do soporte do formato 3GP. Pero que é o que fai que Youtube sexa probablemente a ferramenta máis utilizada para este tipo de actividades?

Youtube probablemente é unha das páxinas con máis influencia na evolución de internet porque fomenta que compartir vídeos sexa unha parte importante dentro da cultura da rede.

Tal e como comentabamos no apartado anterior úsase Flash de Adobe ou o HTML5 que nos permite cargar rapidamente os vídeos sen ter que abrir outros programas externos para visualizar as imaxes.

Ademais os enlaces a vídeos de Youtube poden ser compartidos e inseridos en blogues, redes sociais, páxinas web; simplemente con cortar e pegar un anaco de código HTML nos seus sitios web.

Estes poden ser algúns dos motivos que explican a grande aceptación que ten Youtube e o seu crecente número de persoas usuarias.

### **2.1. Contidos que podemos atopar en Youtube**

Entre o contido que podemos atopar e compartir en Youtube están vídeos musicais e deportivos, anacos de películas e series, así como toda clase de vídeos persoais subidos polas persoas usuarias que poderemos compartir, comentar e cualificar.

É importante ter en conta que algúns dos vídeos que podemos ver en Youtube poden ter dereitos de autoría. O material que infrinxe estes dereitos é eliminado da páxina cando se fai unha reclamación por parte da persoa propietaria dos dereitos de autoría.

### **2.2. Compartir vídeos en Youtube**

Cando subimos vídeos a youtube temos a posibilidade de **compartilos na nosa web**. Para inserir os vídeos nas nosas páxinas só temos que copiar o código correspondente e escoller as opcións que desexemos.



Sinalar que no caso de que o código non funcione correctamente na nosa web, podemos marcar “**Utilizar código de inserción antigo**” que modifica o tipo de obxecto, de iframe a object facéndoo máis compatible con velllos sistemas web.

### **2.3. Compartir vídeos nas redes sociais**

Como non podía ser doutro xeito Youtube permite compartir vídeos nas redes sociais como **Facebook, Twitter, Tuenti, Orkut, StumbleUpon e Tumblr**.

O proceso é sinxelo xa que simplemente debes premer a **icona da rede social na que desexes compartir o vídeo**.



### 3. Vimeo

Vimeo é unha plataforma que nos permite **publicar vídeos na rede** e que posúe un deseño moi atractivo. Podemos **gardar vídeos, compartirlos, e comentar** na páxina de cada un deles.

Pero que diferencia a Vimeo de calquera outra ferramenta similar?

Neste sitio podemos **almacenar calquera tipo que arquivo multimedia cunha alta calidad**, por exemplo, se subimos un vídeo a Youtube este convértese de forma automática nun reprodutor flash cunha calidad baixa. Porén, a través de Vimeo conseguimos compartir estes vídeos en alta definición e permite unha maior duración dos mesmos.


Deste xeito as persoas comezan a publicar non só vídeos “caseiros”, senón que tamén realizan curtametraxes, documentais e vídeos cunha maior complexidade a nivel técnico.

Calquera persoa que navega por internet pode visualizar os vídeos almacenados en Vimeo pero só as persoas usuarias que estean rexistradas poderán crear o seu perfil, cargar avatares e subir vídeos.




### 3.1. Inserir un vídeo de Vimeo na nosa web

Para inserir un vídeo de Vimeo na nosa web buscamos a ligazón Embed ou Share, tal e como podemos ver na seguinte imaxe.



Aínda que en particular pode ser de interese cambiar o tamaño e a cor, pero outras opcións interesantes son a posibilidade de que o vídeo comece automaticamente (con Autoplay this video) ou que se reproduza indefinidamente (con Loop this video).



## 4. Flick

Flickr é un sitio web que nos permite **buscar, gardar, ordenar, compartir e incluso vender fotografías e vídeos en liña**. Flickr conta cunha versión gratuíta e con outra de pago, chamada "pro".

É moi popular por permitir compartir as fotografías dun xeito organizado, ten moi boa acollida entre as persoas usuarias de blogues pois utilizan Flickr como depósito fotográfico.

Debemos destacar que Flickr é un sistema de xestión de fotografías que permite ás persoas usuarias subir as súas propias fotos, incluso desde o correo electrónico ou teléfono móvil, poden clasificalas

por **categorías**, escribir o seu perfil, e tamén etiquetar as fotos e os vídeos.

Na actualidade Flickr conta cunha importante comunidade de persoas usuarias que comparte fotografías e vídeos, que se rexen por unha serie de normas de comportamento e condicións de uso que favorecen unha boa xestión das imaxes publicadas.



### 4.1. Podemos conectar Flickr coas redes sociais?

De feito son moi interesante as interaccións que se poden dar entre Flickr e as redes sociais. Entre outras opcións, podemos conectar a nosa conta de **Flickr con Twitter ou Facebook** o que nos permitirá subir imaxes e vídeos, ou compartir a galería e colección de imaxes que temos almacenadas en Flickr.

**¡Rexístrate xa**

Podes usar Google ou Facebook conta:

e

lembre,

Flickr

ama ti!

